



Confederación Intersindical Galega
ENSINO

INFORMA

www.cig-ensino.gal

Xuño 2017

Oposicións 2017

Aprobadas e aprobados na oposición de 2017 que nunca antes traballaran no ensino público

Se aprobas a oposición, terás que solicitar praza para o curso que vén nun proceso informático en canto se fagan públicas as listas de aprobadas e aprobados

Praza de solicitudes	3 días naturais contados desde o seguinte ao da publicación das relacións de aprobados e aprobadas polos tribunais.
Instancias	A solicitude hai que facela a través da páxina www.edu.xunta.es/cadp. É preciso abrir unha conta de correo no portal edu.xunta.es que se debe solicitar á UAC (unidade de atención a centros) no teléfono 902905445.
Prazas	Só poderás solicitar prazas da especialidade pola que aprobes a oposición.

Opositoras e opositores que non obtiveron praza nas oposicións e que nunca traballaron no ensino público

Se non aprobaches a oposición podes ser chamado/a durante o vindeiro curso para facer substitucións:

IMPORTANTE:

Se aprobaches a fase de oposición, vas ficar incluído/a na lista de substitutos/as da especialidade á que te presentaches.

Se non aprobaches a fase de oposición, ficarás incluído/a na listaxe da especialidade á que te presentaches sempre que teñas a titulación académica correspondente a esa especialidade. Estarán exceptuadas do requisito de titulación as persoas que superen a primeira proba da oposición. Tamén poderán acceder ás listas de persoal interino e substituto das especialidades de Lingua Castelá e Literatura, Xeografía e Historia, Matemáticas, Física e Química, Bioloxía e Xeoloxía, Inglés, Educación Física, Lingua Galega e Literatura do corpo de PES aquelas persoas que estean habilitadas para impartir docencia no ensino privado en Galiza nas materias correspondentes.

Cando te chamen para unha substitución, poderás renunciar polo que reste de curso, sen perder o posto na lista, se tes un fillo/a menor de 6 anos ou un familiar que non poda valerse ao teu cargo, se tes unha enfermidade grave, concedida un bolsa de estudos, ser vítima de violencia de xénero ou se estás ampliando estudos. Tamén podes, por estas causas, pedir que che adxudiquen substitucións só en determinados concellos. Tamén podes solicitar non ser chamado/a se tes un contrato temporal nunha empresa privada ou no sector público. Neste caso tampouco perdes o posto na lista e volverás ser chamado/a cando remate o contrato. Poderás facer isto por un período máximo e improrrogable de tres cursos académicos.

Para calquera problema que teñas durante as oposicións estamos en:

Santiago (Local Nacional)

Rúa Miguel Ferro Caaveiro nº 10.
Santiago de Compostela. cp.15706.
Tlf. 981576800 Fax. 981575839
Nacional: galiza@cig-ensino.gal
Santiago: santiago@cig-ensino.gal

A Coruña

Rúa Alfonso Molina s/n
Tlf. 981169810 Fax. 981291735
15007. A Coruña
acorunha@cig-ensino.gal

Ferrol

Rúa Eduardo Pondal 41-43,
15403. Ferrol
Tlf. 981358750 Fax. 981358760
ferrol@cig-ensino.gal

Lugo

Rda da Muralla 58, bxo.
27003. Lugo
Tlf. 982245023 Fax. 982253891
lugo@cig-ensino.gal

Ourense

P. de San Lázaro 12, 4ºD
32003. Ourense
Tlf. 988238350 Fax. 988222855
ourense@cig-ensino.gal

Pontevedra

R. Pasantería 1, 2ºesq.
36002. Pontevedra
Tlf. 986861513 Fax. 986855050
pontevedra@cig-ensino.gal

Vigo

R. Gregório Espino 47, bxo.
36205. Vigo
Tlf. 986827935 Fax. 986262844
vigo@cig-ensino.gal

**A CIG-Ensino
deséxavos sorte
nestas oposicións a
todas e todos!**

Profesorado interino e substituto

Todo o profesorado interino e substituto que traballara no curso 2016/2017 ten que pedir praza para o curso próximo segundo a Orde pola que se ditan as normas para a adxudicación de destino provisional para o curso 2017/18. O prazo é de vinte días naturais contados a partir da data de publicación da orde no DOG. Podes consultar a información no apartado concursos e convocatorias da nosa web www.cig-ensino.gal

IMPORTANTE

- **Non tes que realizar a solicitude se xa participaches** na adxudicación de destinos provisionais do curso 2016/2017, a non ser que queiras modificar a petición que fixeches o ano pasado ou facer unha nova.

- **Só podes solicitar prazas da especialidade** correspondente á lista na que figuras. Se pertences ao corpo de mestres tamén podes pedir prazas de Primaria se tiveches algunha interinidad ou substitución antes do 31 de agosto de 2008.

- **Para pedir praza bilingüe** esíxese que na base de datos persoais estea acreditado que o profesorado dispón do nivel B2 do marco común europeo de referencia para as linguas (MCERL) na lingua correspondente conforme ao establecido no anexo da Orde do 18 de febreiro de 2011 pola que se establece o procedemento de acreditación de competencias en idiomas do profesorado para impartir nunha lingua estranxeira, áreas, materias ou módulos non lingüísticos nos centros docentes públicos dependentes da consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

- **Quen non acade destino neste procedemento** poderá ser chamado despois para substitucións. Neste caso, a Consellería habilitará unha aplicación informática onde poderás **seleccionar a provincia ou provincias onde desexes realizar substitucións do 15 de xullo ao 16 de agosto**. A solicitude terá efectos durante todo o curso académico.

- **Renuncias á resolución provisional do concurso:** O profesorado interino ou substituto que queira renunciar a este concurso (**por coidado dun fillo /a menor de 6 anos, dunha persoa maior ao cargo, por un contrato de traballo temporal, por enfermidade grave, por ter concedida unha bolsa de estudos, por ser vítima e violencia de xénero, por ampliación de estudos...**) debe fa-

celo dentro do prazo establecido aínda que non lle adxudiquen praza na resolución provisional. **De non renunciar e, logo, serlle adxudicada unha praza na resolución definitiva non poderás renunciar a ela** (agás que a causa que xustifica sexa sobrevida ao prazo de renuncia). Polos mesmos supostos, **o persoal pode acollerse restrinxir os chamamentos a determinados concellos a través da aplicación da Xunta do 15 de xullo ao 16 de agosto**.

- **Reclamacións e renuncias:** Segundo o borrador da orde, para o corpo de mestres, o prazo é de 3 días naturais desde a publicación da resolución provisional prevista para o 26 de xullo e para o corpo de PES e de PTFP até o 4 de setembro (Comproba estes prazos na orde definitiva, pendente de publicar no DOG ao peche desta publicación, ou na nosa web)

- **Excedencias:** O profesorado interino ten dereito a solicitar excedencia por coidado de familiares a cargo e por violencia de xénero e computa a todos os efectos. O interino/a en excedencia deberá participar na convocatoria sen que a adxudicación de destino supoña un cambio na súa situación. Se non obtén destino, decae da súa situación de excedencia cando remate o contrato.

- **Entrega por rexistro da solicitude:** Non hai que presentar por rexistro a/as solicitudes. A solicitude que se terá en conta será a última que se modifique dentro do prazo. Se é a primeira vez que participas neste concurso, recomendamos que imprimas a solicitude e a presentes por rexistro.

- **Coidado ao marcar provincia:** Marcar provincia na solicitude non quere dicir que, como profesor/a interino/a ou substituto/a, optes a esas provincias para as substitucións durante o curso. Marcar provincia na solicitude implicará que, se non obtés destino en ningún dos códigos cubertos na solicitude, poidas adxudicarche de oficio en calquera

centro desa provincia (incluíndo prazas con afíns e itinerantes, agás que expresamente se sinale o contrario)

- **Toma de posesión** no centro educativo.

- **Baixa médica e toma de posesión do profesorado interino e substituto:** aquelas persoas interinas ou substitutas que non poidan tomar posesión (enténdese da praza adxudicada neste concurso) por atoparse de baixa por enfermidade reservaráselle o posto ata que se atopen en situación de alta. Polo tanto, se che adxudican vacante definitiva no concurso de destinos provisionais e estás de baixa médica, **comunica esta situación tanto ao centro adxudicado como ao Departamento territorial correspondente para que te substitúan mentres dure esa situación**.

- **Maternidade, paternidade, adopción ou acollemento:**

Caso 1.- Persoal que este prestando servizos: aquel persoal que non poida tomar posesión (enténdese da praza adxudicada neste concurso) por estar gozando do permiso de maternidade, paternidade, adopción ou acollemento reservaráselle o posto mentres dure o permiso. Comunica esta situación tanto ao centro adxudicado como ao Departamento territorial correspondente.

Caso 2.- Persoal que non estea prestando servizos e reunise os requisitos para estar gozando do permiso por parto ou maternidade, paternidade e adopción ou acollemento: se che adxudican unha praza na resolución definitiva no concurso, tomarás posesión coa finalidade de que os servizos que lle correspondería prestar che sexan recoñecidos para os efectos administrativos. Ponte en contacto co Departamento territorial correspondente para realizar esta toma de posesión.

A TER EN CONTA:

◆ O persoal interino e substituto que solicita **comisión de servizos de saúde** ten que participar neste concurso cubrindo outra instancia específica. No caso de quen non lle concedan a comisión ou non haxa vacante nas prazas que pide teríase en conta a petición ordinaria de destinos. No caso de pedir **comisión de servizos por conciliación** hai que cubrir una única instancia.

◆ **Presentación de varias solicitudes.** O persoal funcionario de carreira titular de máis dunha especialidade, e o persoal interino e substituto do corpo de profesores de ensino secundario ou técnico de FP que figure en máis dunha lista poderá solicitar praza por todas as especialidades que posúe efectuando unha solicitude para cada unha delas, sen prexuízo de que poidan renunciar á soli-

cidade dalgunha delas durante o prazo de reclamacións á resolución provisional.

◆ A adxudicación de destino realizarase por orde de códigos de especialidade. No caso de adxudicarlle praza nunha especialidade retiráraselle a solicitude da outra ou outras especialidades.

◆ O profesorado de ensino secundario, titulares das especialidades correspondentes, poderán solicitar as prazas das escolas oficiais de idiomas, incluíndo os códigos dos centros e mantendo o código da especialidade do corpo de PES, aínda que fagan a solicitude por localidades.

www.cig-ensino.gal
AFILIATE

Para calquera consulta no proceso de oposicións ou para máis información sobre prazas vacantes, características dos centros (situación, xornada continuada, comedor ...) sistema de adxudicación das vacantes, xeito de cubrir as instancias, datas ... podes consultar a nosa páxina:

www.cig-ensino.gal

A Fase de Prácticas

Unha vez aprobada ou aprobado a Consellaría nomearase funcionaria ou funcionario en prácticas e destinarase a un centro de ensino para a realización da fase de prácticas, durante este tempo o teu réxime xurídico-administrativo é o de funcionario ou funcionaria en prácticas. No DOG da propia convocatoria atópanse as indicacións para a súa realización, que resumimos no seguinte cadro:

Inicio	O 1 de setembro no corpo de mestres e na data na que se inicie o curso no corpo de PES e PTFP.
Duración	Catro meses
Tuteladas por	Un profesor ou profesora do mesmo corpo e, preferentemente, da mesma especialidade, designado pola Comisión cualificadora da provincia.
Funcións do titor	Asesorar, informar e avaliar o profesor ou profesora en prácticas. Emitirá informe final para remitilo á Comisión cualificadora.
Actividades de formación	Realización dun curso de formación en lingua galega de 20 horas de duración. Consistirá en formación específica sobre terminoloxía, estilo, aspectos sociolingüísticos e a linguaxe propia da especialidade, que lle permita ao persoal seleccionado desenvolver correctamente en galego as súas tarefas e funcións.
Informe-Memoria final	O profesorado en prácticas deberá elaborar un informe-memoria final que entregará ao remate da fase de prácticas á Comisión cualificadora.
Avaliación	As prácticas serán avaliadas por unha comisión provincial constituída pola xefatura da inspección provincial, que actuará como presidente; dous inspectores de educación e dous directores de centros designados pola xefa ou xefe territorial a partir dos informes emitidos polo profesor-titor, a dirección do centro, o persoal responsable das actividades de formación e, se é o caso, o inspector ou inspectora responsable do centro e do informe presentado polo propio aspirante O inspector Xefe, en caso de informe desfavorábel, poderá establecer que a inspección do centro visite e avalíe na aula as aptitudes didácticas do profesorado en prácticas. Cualificaranse como apto ou non apto.
Cualificación de non apto	O persoal non apto poderá repetir a fase de prácticas no curso seguinte. O persoal que non se incorpore ou suspenda por segunda vez perderá todos os dereitos.

Calendario de adxudicación de destinos provisionais

- Esta información é provisional e foi elaborada tomando como referencia a información da Mesa Sectorial e o borrador da Orde de adxudicación de destinos provisionais para o curso 2017-2018 pendente de publicar no DOG.
- Infórmate sobre as datas definitivas na nosa web www.cig-ensino.gal no apartado de concursos e convocatorias ou na orde definitiva que sairá publicada no DOG

Corpo de mestres

	DATA	PRAZO DE RECLAMACIÓNS
Publicación das listaxe de participantes	Despois da entrada en vigor da orde	Dez días naturais
Prazo para participar na web	20 días naturais desde a publicación da orde	
Prazo de participación para o profesorado que aprobe os procesos selectivos do corpo de mestres	3 días naturais desde que se publique a listaxe de aprobados e aprobadas	
Publicación das vacantes provisional	Antes do 15 de xullo	5 días naturais
Resolución provisional	26 de xullo	3 días naturais
Renuncias á resolución provisional	3 días naturais desde a publicación da resolución provisional.	
Resolución definitiva	A partir do 1 de agosto.	
Efectos da toma de posesión	1 de setembro	

Corpo de secundaria e de técnicos de FP

	DATA	PRAZO DE RECLAMACIÓNS
Publicación das listaxe de participantes	Antes do 7 de xullo	Cinco días naturais
Prazo para participar na web	20 días naturais desde a publicación da orde	
Prazo de participación para o profesorado que aprobe os procesos selectivos do corpo de PES e PTFP	3 días naturais desde que se publique a listaxe de aprobados	
Resolución provisional	31 de xullo	Até o 4 de setembro
Renuncias á resolución provisional	Até o 4 de setembro	
Resolución definitiva	A Consellería afirma que antes do 6 de setembro	
Efectos da toma de posesión	Data na que se inicie o curso ou posterior	

Como docente comprometida/o co noso idioma, que de certo es, chamamos a túa atención sobre a importancia de que o galego sexa a lingua do ensino. **IMPARTE AS TÚAS AULAS EN GALEGO**, único xeito de garantir que o noso idioma continúe vivo e sexa unha lingua de futuro.

A CIG- Ensino e a AS-PG elaboramos unha programación anual de formación para o profesorado que podes consultar en [www.cig-ensino.gal /formación](http://www.cig-ensino.gal/formación)